



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

CERTIFICACIÓN

**JUAN LUIS GONZÁLEZ IGLESIAS, SECRETARIO XERAL
DO CONCELLO DE ORDES - A Coruña**

CERTIFICO: Que pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, de data 8 de marzo de 2024, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

8.CONVOCATORIA AXUDAS A PROL DA NATALIDADE NO CONCELLO DE ORDES. ANO 2024.

Expediente de convocatoria de axudas á natalidade no Concello de Ordes, ano 2024 (**Expde. 2024/A011/000001**).

Corresponde ao Concello o establecemento de medidas complementarias de apoio ás unidades familiares do Concello de Ordes mediante o deseño de mecanismos que axuden a fixar a poboación evitando deste xeito o despoboamento.

Visto o disposto na base 38ª de execución do orzamento municipal 2024 (prorrogado 2023).

Visto o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 26 de xuño de 2019, por maioría de cinco votos a favor, sendo seis o número legal de membros da mesma, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o gasto con cargo á partida **231.480.00** do orzamento municipal para 2024 (prorrogado 2023), por importe de **EUROS VINTE E CATRO MIL (24.000,00)**.

2º.- Aprobar a convocatoria axudas á natalidade no Concello de Ordes, ano 2024, así como as súas bases reguladoras.

E para que conste e xurda os efectos oportunos, expido a presente certificación, de Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Ordes, na data da sinatura electrónica.

Vº Pº
O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(Asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias